

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36001033	CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo	Cangas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Esta programación está elaborada para a área e materia de lingua estranxeira: inglés e para o primeiro nivel de educación primaria do Ceip Plurilingüe de San Roque de Darbo. Neste nivel cóntase con 28 alumnos/as repartidos/as en dous grupos: A e B de 14 alumnos/as cada un.

Partindo da información do profesorado do curso pasado e xunto á observación directa que se fai dende o comezo do presente curso escolar, decídense as medidas a adoptar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ready for school./ Listos para el colegio.	Materiales escolares.	10	20	X	X	X
2	Our families./ Nuestras familias.	Nombres de los miembros de nuestras familias.	15	10	X		
3	Favourite pets./ Nuestras mascotas favoritas.	Animales domésticos.	15	10		X	
4	Transports everywhere./ Transportes en todas partes.	Medios de transportes.	20	10		X	
5	Moving around./ Nos movemos.	Acciones y partes del cuerpo.	20	10			X
6	Yummy, yummy!/¡Rico, rico!	Comidas.	20	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ready for school./ Listos para el colegio.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece algunhas palabras e expresións.	PE	40
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente información básica con algunha axuda.	TI	60
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Reproduce partes de mensaxes con axuda, recursos e apoios dixitais.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participa nalgunhas actividades de imitación/repetición e interacción.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Responde o saúdo de forma básica e as preguntas sinxelas en afirmativo ou negativo.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explica con axuda de diversos soportes parte de unha información.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiáns e habituais.	Mostra unha actitude positiva cara a maioría dos temas tratados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Our families./ Nuestras familias.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves con axuda de imaxes.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente palabras o frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás con guía e axuda.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada e con axuda en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás amosando respecto polas producións dos demais.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar estratexias elementais para saudar, presentarse e expresar mensaxes simples con algunha axuda (uso de imaxes, palabras para elixir, ...)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.

UD	Título da UD	Duración
3	Favourite pets./ Nuestras mascotas favoritas.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar algunhas palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás con axuda.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar, despedirse e presentarse con axuda e intentar expresar mensaxes simples e breves.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.

<b>Contidos</b>
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Transports everywhere./ Transportes en todas partes.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar algunhas palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns con axuda.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar, despedirse e presentarse con axuda e intentar expresar mensaxes simples e breves.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Mostrar interese pola lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Moving around./ Nos movemos.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar algunhas palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	PE	30
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns con axuda.	TI	70
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar, despedirse e presentarse con axuda e intentar expresar mensaxes simples e breves.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Encontrar similitudes e diferenzas con axuda.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Intentar aplicar coñecementos e estratexias de mellora para mellorar a súa capacidade de comunicación.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar con axuda de pictos/debuxos o progreso na lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Yummy, yummy!/¡Rico, rico!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar algunhas palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	PE	30
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás con axuda.	TI	70
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar, despedirse e presentarse con axuda e intentar expresar mensaxes simples e breves.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Encontrar similitudes e diferenzas con axuda.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Intentar aplicar coñecementos e estratexias de mellora para mellorar a súa capacidade de comunicación.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar con axuda de pictos/debuxos o progreso na lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta que a finalidade fundamental é que os alumnos/as se inicien na práctica dun proceso de comunicación orientado a adquisición dunha competencia (oral e escrita) e, ante todo, un acercamento positivo cara o inglés, os principais criterios metodolóxicos reférense a:

- Un enfoque constructivista centrado no recoñecemento de que os rapaces constrúen a súa propia aprendizaxe ; mediante actividades e tarefas motivadoras, os alumnos/as amplían as súas destrezas auditivas e expresivas e son capaces de interiorizar a lingua. Aprenden destrezas cognitivas que son transferibles a todas as áreas do currículo.
- Un enfoque comunicativo que poña especial atención na linguaxe oral: os alumnos/as non só aprenden inglés, senon que aprenden a usalo para comunicarse. Trátase de mellorar as destrezas (listening, speaking, reading and writing) de forma equilibrada para que poidan comunicarse con seguridade e eficacia.
- Un enfoque contextualizado que implica unha aprendizaxe nun contexto apropiado para a comprensión onde os alumnos se sumerxen nun espazo en inglés e, a través de actividades lúdicas e materiais variados, aprenden de forma activa.

Cada Unidade que imos traballar ten un enfoque integrador, que acerca ó alumno/a a situacións contextualizadas da súa propia experiencia ou dos seus coñecementos previos, favorecendo todo tipo de aprendizaxes (visual, verbal, auditivo e táctil; lingüístico, cinético-corporal, lóxico-matemático, visual-espacial, musical, interpersoal e intrapersoal), alternando actividades de diversa natureza (predisposición, observación, comprensión, expresión, reflexión, valoración, creación, aplicación, investigación) a través da actuación do mestre (motivación, explicacións, exemplificacións, preguntas e respostas, propostas de tarefas, etc.) e coa participación activa dos alumnos e alumnas.

No proceso de ensino-aprendizaxe favorecerase a atención individualizada a os alumnos, que se complementará con actividades de reforzo a fin de recuperar aqueles obxectivos e contidos básicos non consolidados e con actividades

de ampliación cando eso sexa posible.

Os sistemas de agrupamento serán flexibles e axeitados ó tipo de actividades e destrezas que se pretende desenrolar, incluíndo o gran grupo, o traballo individual, os pequenos grupos e as parellas.

O espazo habitual da actividade docente durante o presente ano é a aula de inglés e unha cantidade de libros (biblioteca de aula) en lingua inglesa. Ó longo do proceso educativo estimularase a os alumnos/as a través do reforzo positivo, valorando e facendo explícitos os éxitos que logre cada un de eles.

**Ensinonon presencial**

En caso de ter que facer ensinonon presencial utilizaremos a aula virtual do centro, onde colgaremos os recursos, actividades e tarefas a realizar. No caso de aulas confinadas, terase un horario de clases por videoconferencia tal e como se recolle no Plan de Adaptación do centro.

Cada semana enviaranse unha batería de actividades de diferente tipos (multiple choice, completar tablas, desafíos, investigación) Tamén actividades relacionadas con contos, cancións, rimas...

Se utilizarán as ferramentas interactivas dispoñibles do método do libro de inglés.

As propostas aparecerán na Aula Virtual do colexio.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro Go Far!1 Editorial Richmond
Pizarra dixital interactiva
Recursos varios (flashcards, word cards, pósters, calendario, "puppets", etc...)
Biblioteca da clase de lingua estranxeira
Xogos de mesa

Os recursos a empregar serán os seguintes:

Aula de inglés na que se inclúen os seguintes recursos: encerado dixital, canón de proxección, ordenador portátil e altofalantes.

Libro de actividades Go Far! 1, da editorial Santillana-Richmond.

O citado material e un cadernillo funxible, con ilustracións a cores e que trae un CD coas historias, as cancións, as actividades de escoita "listening" e as listas de novo vocabulario e a súa vez ten un código de acceso para a páxina web do curso: [www.go.richmondigital.net](http://www.go.richmondigital.net).

Alí os alumnos disporán dos seguintes recursos:

Student's i-book, vídeos de soporte para a gramática, historias e aspectos culturais. Tamén terán unha sección de vídeos da sección "Flipped learning" para traballar dende a casa e unha sección de práctica interactiva para reforzalos contidos do curso.

"Flashcards", "wordcards", "storycards" e "posters" dos contidos do curso.

Diverxas páxinas web de cancións, presentacións do vocabulario e historias na lingua inglesa.

Material extra elaborado polo profesorado.

Xogos de cards, board games, Dominoes e outros xogos de temas variados e de distintos graos de complexidade, para reforzo do vocabulario básico, así como de ampliación.

Libros de contos e cómics en inglés tanto para lectura na aula coma préstamo para a casa.

Pósters de lectura e glosarios ademáis doutros manipulables para reforzar o vocabulario.

Tamén utilizaremos libros de lectura da biblioteca da clase de lingua estranxeira e xogos de mesa relacionados cos contidos do curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso.

Esta avaliación inicial levarase a cabo durante o primeiro mes de clase, para poder establecer uns criterios mínimos da clase en xeral e de cada alumno/a en particular.

Dita proba consistirá en distintas actividades orais, xa que o alumnado ven de EI, que serán rexistradas en táboas de indicadores.

A partir da información obtida no anteriormente citado, e de detectar algunha necesidade, comunicarse o titor e o DO do centro.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	50	50	50	30	30	<b>41</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	50	50	50	70	70	<b>59</b>

### Criterios de cualificación:

A maior parte dos criterios de avaliación da presente programación didáctica serán avaliados por proba escrita sendo o resto avaliados por diferentes táboas de indicadores, en especial escalas de valoración/rúbrica para corrección de traballos a entregar e outras nun rexistro de observación, como por exemplo en traballos de produción oral.

A nota trimestral, tendo en conta as unidades didácticas, é a seguinte:

1º trimestre: 100%

UD1 e UD2: 50% cada unha delas.

2º trimestre: 100%

UD3 e UD4: 50% cada unha delas.

3º trimestre: 100%

UD5 e UD6: 50% cada unha delas.

O 100% da nota da avaliación final obterase da seguinte forma:

1º trimestre: 32%

2º trimestre: 34%

3º trimestre: 34%

Tendo en conta o mencionado anteriormente, prevalecerá a decisión da Xunta da Avaliación en caso de que pola progresión do/a alumno/a non sexa conveniente a súa aplicación e sempre atendendo a razóns pedagóxicas.

### Criterios de recuperación:

Tendo en conta que é o primeiro nivel de educación primaria e, no caso daquel alumnado que no acadara os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación, o procedemento será o seguinte:

Comunicación coas familias mediante axenda ou abalar, informando da necesidade de facer unha nova proba escrita ou oral nunha fecha a decidir polo docente, sempre especificando o tema do que tratará a citada proba.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo, ampliación ou adicionais según sexa a necesidade do alumnado.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria.

Se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais (redución ou simplificación das actividades, recursos, etc)

Dependendo das características do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño, priorización da algunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Coprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres			X			
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos			X	X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible						X
ET.9 - Educación para a saúde					X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais 1-5 e 8-9 serán incluídos no traballo del tema propio de cada unidade didáctica.

Por outro lado, os elementos transversais 6 e 7 traballaranse especialmente a través das conmemoracións do Día da Paz e da Muller.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de inverno	Preparación dunha xornada especial previa as vacacións de Nadal.	X		

### Observacións:

Suxetas a poder ser levadas a cabo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Enquisa aos alumnos sobre a práctica docente.
Revisóuse a programación didáctica ao longo do curso e foi axeitada para acadar dos obxectivos plantexados
Metodoloxía empregada
Cumpríuse a temporalización inicialmente proposta
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das unidades didácticas ás características e necesidades do alumnado
Leváronse a cabo medidas de atención á diversidade e foron efectivas
Clima de traballo na aula
Consiguiuse a participación activa do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información aos titores sobre a evolución do alumnado para reunións de información as familias

### Descrición:

No diario de aula recollen as observacións diarias, así como todos aqueles aspectos salientables que podan levar a unha modificación e mellora das actividades programadas. Este diario revisarase para logo ter en conta a hora de facer a programación do ano seguinte, modificando aquilo que non acadou os resultados esperados ou propostos.

Nestes niveis da educación primaria podemos usar unha serie de indicadores de logro que nos servirán para reflexionar sobre a propia actuación co alumnado.

Así, avaliaremos: a propia planificación, os materiais empregados, a motivación do alumnado e a opinión domesmo. As respostas a este tipo de preguntas e a consulta do diario propiciarán unha reflexión eficaz sobre a práctica

docente, e, ademais, poderanse tomar decisións de cambio en certos aspectos que melloren os procesos de ensino-aprendizaxe.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Levarase a cabo ao final de cada trimestre unha revisión da programación didáctica e durante as reunións de coordinación de ciclo ou área de lingua estranxeira.

## **9. Outros apartados**